

1. Montaxe da cámara e do chroma

Cámara:

Antes de comezar debemos ter en conta:

- Temos batería?
- Temos tarxeta de memoria?
- O formato de gravación da cámara é compatible co programa de edición?
- Material co que contamos: como rexistraremos o audio?, precisaremos dun trípode, iluminación, pértiga, outros?.

Pasos previos para crear un vídeo:

1. A idea

Antes de comezar definiremos a idea e o motivo polo que queremos crear un vídeo.

Este punto fainos reflexionar sobre:

- O tema a tratar. cal é a idea central.
- A finalidade do vídeo.
- O tipo de vídeo que queremos: tutorial, documental, ficción, reportaxe, entrevista, noticieiro, etc.
- O público a quen vai dirixido: o ton usaremos.
- Documentarnos sobre o tema a tratar.

- * Investigaremos e converterémonos en expertos nesa materia.
- * (libros, webs, persoas expertas, visitaremos lugares, etc.)
- * Todos imos aprender sobre o tema a tratar.
- * Todos aportamos información, datos, persoas...



2. Recursos

Recursos humanos: reflexionaremos sobre as tarefas e o seu reparto (traballo en equipo):

- Cámaras
- Técnic@s de son: micrófono/pértiga, cascos,
- Actores/presentadores,
- Encargados da música,
- Encargados dos textos (títulos, créditos...),
- Montaxe do vídeo.

Material audiovisual do que dispoñemos.

Escenarios (encargados de preparalo).



3. O guión

O guión é o texto escrito coas palabras que se van a dicir no vídeo. Deberemos ter en conta:

- Cal é a finalidade do vídeo
- Idea central
- Quen é público? Que ton empregaremos?. Linguaxe familiar: dirixirémonos ao espectador con familiaridade/proximidade.

Estrutura do guión: dependerá do tipo de vídeo e da creatividade do texto. Exemplos:

Problema – solución: o personaxe quere algo pero...

Presentación – desenrolo - conclusión

Podemos dividir o noso texto en actos definidos polas accións ou os cambios de escenario.

4. O guión gráfico (story board)

É un esquema visual que nos axuda a entender a historia, a visualizar as accións e a definir aspectos como as distintas secuencias, as voces en off, os sons, a música, efectos visuais etc. e que servirá de guía a hora de gravar.

Pode incluír:

- Unha imaxe, fotografía ou debuxo do plano que se filmará.
- O número de acto e de secuencia
- O tempo de duración.
- Unha descrición da acción
- Sons e/ou efectos.

2. Gravacións

Consellos:

Sempre deixaremos uns segundos de gravación antes de comezar e despois de rematar.

Podemos usar sinais visuais ou sonoras: *Silencio gravando!* e palmada.

Usar trípode ou tocar e mover o menos posible a cámara (os pés ben apoiados)

Asegurarse de ter a toma ben rexistrada antes de pasar a seguinte toma.

Tentar gravar todas as tomas no mesmo día, se fose posible (evitar cambios de roupa, escena, iluminación)

Asegurarse de que o arquivo de vídeo está gardado.

É moi útil nomear os arquivos co número de acto e secuencia e algunha palabra clave que se diga no vídeo. Isto axudará a localizalos mellor na hora de montar o vídeo.

Non todos/as teñen que saír sempre no vídeo. Participar nel xa é formar parte del.

2.3 O audio

Consellos:

É recomendable rexistrar as voces en off nunha sala sen ruídos e con micrófono.

Aproveitaremos para traballar a entoación, a vocalización, a expresión, etc.

É moi útil nomear os arquivos co número de acto e secuencia e algunha palabra clave que se diga no audio. Isto axudará a localizalos mellor na hora de montar o vídeo.

2.4 Montaxe / transicións

<https://www.youtube.com/watch?v=B3BwATqMN3o>


2.5 Materiais que poden ser útiles



Teleprompter



Soporte tablet



Micro de solapa



Pértiga



Soporte plano cenital



Tarxeta dixitalizadora



Peluche cortaventos

Conversor de arquivos online: <https://www.online-convert.com/es>

3. Exemplos de ideas en educación

Presentación de Entres redes na Filмотeca de Galicia: <https://vimeo.com/230906798>

Documental entre redes: <https://vimeo.com/220696089>

Documental Buscarlle o ser e Como se fixo: <https://coledagua.blogspot.com/p/buscarlle-o-ser.html?m=1>

Documental Collins a tartaruga: https://www.youtube.com/watch?v=VwpUqLrJZ_Y

A reprodución. O Caracol: https://www.youtube.com/watch?v=-5_UP8WcihY

Marcha do antigo Reino de Galicia: <https://www.youtube.com/watch?v=4s4pfF86bIU>

Historias animadas: https://www.youtube.com/watch?v=FY_s51e4G_c

Entrevistas: <https://www.youtube.com/watch?v=i-tGF9aDoGY>